



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 076/2009.

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Ordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	ORDINARIA
Data da Sesión:.....	4 de ABRIL de 2009
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	10:30 horas
<i>(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)</i>	

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2009, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE CELEBRADA O DÍA 30 DE XANEIRO E ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 3 DE FEBREIRO E 9 DE FEBREIRO DE 2009.**
- 2. INCORPORACIÓN Ó INVENTARIO DE BENS DAS FINCAS REXISTRAIS Nos 6.709, 6.711 e 7.248.**
- 3. CESIÓN DE PARCELAS Ó SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DA XUNTA DE GALICIA.**
- 4. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS RE 01/2009.**
- 5. MOCIÓNS.**
- 6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 1/2009 E DECRETOS DE ALCALDÍA (1/2009 a 74/2009).**
- 7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 9 DE XANEIRO DE 2009 ATA O 12 DE MARZO DE 2009.**
- 8. ROGOS E PREGUNTAS.**

Notifíquese este decreto ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 1 de abril de 2009.

O alcalde,

D Mariano Iglesias Castro.

Ante min,

O secretario,

D Eladio Bendaña Pardo.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 4 DE ABRIL DE 2009.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Adolfo Grobas Vázquez PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG
D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 4 de abril de 2009, sendo as dez horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2009, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE CELEBRADA O DÍA 30 DE XANEIRO E ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 3 DE FEBREIRO E 9 DE FEBREIRO DE 2009.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Pide a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta, en canto á acta da sesión extraordinaria de data 9 de febreiro pasado, no punto “3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE MESÍA ASÍ COMO DA FIXACIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS”, cando se recolle o debate do asunto, non aparece reflectido na acta que se asume a miña proposta de valorar por meses e non por anos o exercicio da Avogacía.

Manifesta o Secretario que seguramente foi un erro de transcripción, xa que, a pesares de que eu non estiven presente en dito Pleno, a funcionaria do concello que estivo nesa sesión díxome que esa modificación fíxose a instancia de vostede, pero consultouse dita modificación á Dirección Xeral de



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Administracións Públicas, xa que a Xunta dera o visto e prace á anterior valoración e por parte do concello quíxose confirmar a legalidade da modificación, corroborando o antedito o Sr. Alcalde.

En consecuencia, transcribírase ó Libro de Actas a intervención do Sr. Álvarez Monteserín proponendo a modificación sinalada e onde di:

“Toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, portavoz do grupo municipal do PP, comentando que lle parece lóxico a necesidade de cubrir a praza de Secretaría no concello, sen embargo, explica que lle chaman a atención os perfís e as puntuacións establecidas nas bases. No caso dos cursos lle parece que non é xusto o sistema de puntuación que se fai en función das horas que duran, porque non é o mesmo facer un master dun ano que un curso de cincuenta horas que leva facelo dúas semanas, polo que pensan que sería mellor puntuar en franxas de dez en dez horas”, engádese o seguinte parágrafo: *“Propoño ademais que a valoración do exercicio da Avogacía se faga por meses de exercicio e non por anos”*.

E, así mesmo, onde di:

“Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: oito votos a favor, correspondentes ós Concelleiros do PsdeG-PSOE e BNG, e dúas abstencións, correspondentes ós Concelleiros do PP, aprobándose por maioría absoluta dos membros presentes”, *debe dicir*:

“Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, *tendo en conta a valoración por meses de exercicio da Avogacía, segundo a proposta feita polo Sr. Álvarez Monteserín*, co seguinte resultado: oito votos a favor, correspondentes ós Concelleiros do PsdeG-PSOE e BNG, e dúas abstencións, correspondentes ós Concelleiros do PP, aprobándose por maioría absoluta dos membros presentes”

En consecuencia, se elevan a definitivas as actas sinaladas no epígrafe para a súa transcripción ó Libro de Actas, tendo en conta as matizacións referidas.

2. INCORPORACIÓN Ó INVENTARIO DE BENS DAS FINCAS REXISTRAIS Nos 6.709, 6.711 e 7.248.

Dáse conta polo Secretario que no expediente de adquisición das fincas 6.709 e 6.711 xa consta acordo de incorporación ó Inventario das mesmas, polo que o acordo de incorporación ó Inventario só é necesario que se refira á parcela na que se ubica o Centro de Saúde de Xanceda (finca rexistral nº 7.248), quedando, en consecuencia, a proposta de Alcaldía ó Pleno redactada como sigue:

“PROPOSTA Ó PLENO PARA INCORPORACIÓN Ó INVENTARIO DE BENS DA FINCAS REXISTRAL No 7.248.

Considerando o protocolo aprobado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galego de Municipios e Provincias (FEGAMP) e o convenio de colaboración entre o Concello de Mesía e a Consellería de Sanidade –Servizo Galego de Saúde- relativos ás bases de cooperación entre este



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

concello e o Sergas para o cambio de titularidade dos centros de saúde de Xanceda e Visantoña e a asunción dos custos por parte de dito organismo, do que se deriva a obriga de ter inventariados os inmobles a ceder.

Considerando que a parcela na que se ubica o Centro de Saúde de Xanceda, sendo propiedade do Concello de Mesía, non está inventariada.

Vista a obriga que ten as Corporacións Locais de inventariar todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición, obriga recollida no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

É polo antedito polo que proponse ó Pleno o seguinte ACORDO:

Incorporar ó Inventario de bens o seguinte ben inmobile patrimonial:

1.- Parcela rexistral nº 7.248, folio 76 do libro 55, tomo 537:

- Superficie: 589,00 m²
- Lindeiro norte: camiño.
- Lindeiro sur: Predio 137-1 (propiedade do Concello de Mesía) e resto finca matriz e vivenda da que a prolongación do seu lindeiro norte, cara a parte este, constitúe en parte o lindeiro sur desta finca.
- Lindeiro este: resto finca matriz e vivenda indicada no lindeiro anterior.
- Lindeiro oeste: Predio 136 (propiedade de Josefa Fuentes Pereiro) e Predio 131-1 (propiedade do Concello de Mesía).

MESÍA, a 1 de abril de 2009. O Alcalde, Mariano Iglesias Castro”

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o motivo de adoptar este acordo que un dos requisitos esixidos no convenio de colaboración entre o Concello de Mesía e a Consellería de Sanidade –Servizo Galego de Saúde- para que este asuma os custos dos centros de saúde, é a cesión dos inmobles, para o cal é requisito previo que estean inventariados, e o de Visantoña si figura inventariado pero non o de Xanceda. Destacar así mesmo que só cedemos a parte da parcela correspondente ós centros de saúde. Así mesmo estaba pendente a incorporación da parcela adquirida para o centro de día, o que se subsana tamén agora.

De seguido, toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, quen manifesta que sería conveniente actualizar o Inventario, xa que é unha ferramenta moi útil.

A continuación, manifesta o Sr. Álvarez Monteserín que sería bo que no resto da superficie das parcelas se podan acometer outras actuacións, xa que hai necesidades.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos Concelleiros presentes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3. CESIÓN DE PARCELAS Ó SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DA XUNTA DE GALICIA

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o protocolo aprobado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galego de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde.

Considerando o convenio de colaboración entre o Concello de Mesía e a Consellería de Sanidade –Servizo Galego de Saúde- no que se establecen as bases de cooperación entre este concello e o Sergas para o cambio de titularidade dos centros de saúde de Xanceda e Visantoña e a asunción dos custos por parte de dito organismo.

De conformidade co artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ó Pleno adoptar o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a cesión gratuíta da superficie ocupada polos Centros de saúde de Xanceda e Visantoña das fincas rexistrais nº 7.248, folio 76, Libro 55, Tomo 537 e nº 3.897, folio 239, Libro 36, Tomo 321, respectivamente, cualificadas como bens patrimoniais propiedade do Concello de Mesía, ó Servizo Galego de Saúde co fin de que asuma os custos de mantemento dos citados centros.

PARCELA DO CENTRO DE SAÚDE DE XANCEDA (referencia catastral 2102609NH6220S0001LZ). (Finca rexistral nº 7.248, folio 76, Libro 55, Tomo 537)

- Superficie: 589,00 m²
- Superficie que ocupa a edificación: 273,84 m²
- Lindeiro norte: camiño.
- Lindeiro sur: Predio 137-1 (propiedade do Concello de Mesía) e resto finca matriz e vivenda da que a prolongación do seu lindeiro norte, cara a parte este, constitúe en parte o lindeiro sur desta finca.
- Lindeiro este: resto finca matriz e vivenda indicada no lindeiro anterior.
- Lindeiro oeste: Predio 136 (propiedade de Josefa Fuentes Pereiro) e Predio 131-1 (propiedade do Concello de Mesía).
- SUPERFICIE QUE SE CEDE: 273,84 m²

PARCELA DO CENTRO DE SAÚDE DE VISANTOÑA (referencia catastral 001302400NH57F0001YA). (Finca rexistral nº 3.897, folio 239, Libro 36, Tomo 321)

- Superficie: 2.702,00 m²
- Superficie que ocupa a edificación: 480,56 m²
- Lindeiro norte: Predio 355 (propiedade de Antonio Miranda Quindimil).
- Lindeiro sur: Predio 357 (propiedade de María Louro Conde) e predio 359 (propiedade de Celestino Candal Veiras).
- Lindeiro leste: Predio 360 (propiedade de Manuel Manteiga Sánchez).
- Lindeiro oeste: camiño.
- SUPERFICIE QUE SE CEDE: 480,56 m²



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

SEGUNDO. Someter o presente acordo a trámite de información pública mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de quince días para que se presenten as alegacións ou suxestións que se estimen oportunas.

TERCERO. Transcorrido o prazo de información pública sen presentarse alegacións ou suxestións, o expediente de cesión entenderase aprobado definitivamente. En caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.”

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos Concelleiros presentes.

4. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS RE 01/2009.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“Expediente RE 01/2009. Recoñecemento extraxudicial de créditos.

PROPOSTA Ó PLENO DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, tendo en conta a existencia de facturas e obrigas pendentes de pago correspondentes a exercicios anteriores.

Considerando, de conformidade co disposto no artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que, nembargante, o artigo 26.2.c) do Real decreto 500/90, en relación co artigo 60.2 do mesmo texto legal, permite imputar ó exercicio corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores derivadas do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto o informe da Intervención incorporado ó expediente.

De conformidade coa base 14ª de execución do orzamento, e os artigos 26.2.c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril proponho ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

PRIMERO. Aprobalo recoñecemento dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan de seguido:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

TITULAR	DATA FACT.	Nº. FACT.	CONCEPTO	IMPORTE €	PART.
Eulogio Viñal, S.A.	11/11/2008	080148	Obras rede viaria	15.976,03	5.60
LINO LATA PORTELA	31/12/2008	8	Importe materiais construción (cemento, tubos, etc)	767,49	5.22
BOIBEL FORESTAL	26/12/2008	172/08	Sacos abono e maia antiherba	108,88	5.22
Ulla Oil, S.L.	30/11/2008	6902	Gasóleo C Casa Concello	1.035,00	4.22
Ulla Oil, S.L.	30/11/2008	6795	Gasóleo C C. Saúde Xanceda	1.320,00	4.22
Ulla Oil, S.L.	30/11/2008	6905	Gasóleo C Colexio Visantoña	990,00	4.22
Ulla Oil, S.L.	30/11/2008	3122	Gasóleo A Almacén Boado	2.530,11	4.22
SOGAMA	30/11/2008	3654	Tratamento R.U. novembro 08	3.265,23	4.22
Carlos López Ayude	13/12/2008	2589	Calendarios e Programas Nadal.	5.883,38	4.22
SOGAMA	31/12/2008	3989	Tratamento R.U. decembro 08	3.846,46	4.22
Ulla Oil, S.L.	31/12/2008	8042	Gasóleo C Casa da Cultura	704,32	4.22
UDESА	17/12/2008		Recibos fluído eléctrico nov/08	8.036,95	4.22
Mancomunidade Ordes	2008		Axustes cota Mancomu.	5.365,20	9.46
AUGAS DE GALICIA	2008		Amortización convenio obra abastecemento auga a Mesía	16.420,86	9.46

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2009 os correspondentes créditos por importe de 66.249,91 euros, con cargo as partidas 5.22, 5.60, 4.22 , 9.45 e 9.46 das cales realizouse a correspondente retención.

En Mesía, a 30 de marzo de 2009. O Alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que trátase de facturas correspondentes a prestacións realizadas no ano pasado pero emitidas con posterioridade ó peche do exercicio ou ben facturas nas que a partida a que debía imputarse o gasto carecía de crédito. Quero destacar tamén que os acredores do Concello cobran normalmente ós trinta días, o que supón un gran esforzo para o Concello.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos Concelleiros presentes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestando nada ó respecto os voceiros dos grupos municipais, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 1/2009 E DECRETOS DE ALCALDÍA (1/2009 a 74/2009).

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 9 DE XANEIRO DE 2009 ATA O 12 DE MARZO DE 2009

Comeza o Sr. Alcalde sinalando que dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local así como un listado cun breve extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Manifesta o Sr. Pedreira Candal que o seu grupo non ten preguntas porque non se lles facilita o contido dos decretos.

Non habendo máis intervencións, pásase o seguinte punto da orde do día

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.